

Proxecto pastoral

Por unha Igrexa máis ministerial e misioneira nesta etapa sinodal

O plan diocesano de pastoral 2022-2026 plantexa como prioridades: “Crear comunidades vivas e significativas”.

Entre as propostas para elo invitábase a coidar e desenvolver os equipos misioneiros, fomentar o diaconado permanente, promover o liderado pastoral, medrar no protagonismo dos leigos...

As delegacións do CLERO, CATEQUESE/catecumenado, LITURXIA e LEIGOS, Familia y Vida, coordinados pola VICARÍA para a SINODALIDADE, pensaron neste proxecto pastoral para os próximos anos.

A nosa situación nuns breves trazos:

- O reto da increnza, a indiferenza relixiosa e a ausencia das novas xeracións (falta relevo xeracional).
- A dificultade de resposta vocacional ao ministerio, vida consagrada e compromiso laical.
- A incerteza do “cambio de época” que estamos a vivir, o que supón adiviñar novos métodos e abrir camiños de evanxelización.
- O soño de pasar dunha Igrexa de cristiandade a unha Igrexa máis sinodal e misioneira; dunha Igrexa de masas a unha Igrexa a modo de “fermento na masa”, máis viva e participativa.
- A invitación do Papa a seguir camiños de sinodalidade como pauta da Igrexa nestes tempos.
- A demanda da muller con un maior protagonismo na toma de decisións.
- A rica experiencia na Igrexa diocesana en persoas e iniciativas, xunto co proceso de formación cos sacerdotes durante el curso pastoral 2022-2023 . . .

Nalgunhas das nosas comunidades xa contamos con persoas que levan a cabo esta ministerialidade non institucionalizada: non partimos de cero.

Aclarando conceptos nesta dimensión ministerial da Igrexa...



Cunha dobre meta moi concreta...

Conseguir un EQUIPO de persoas ao servizo da diocese/arciprestados para a Celebración da Palabra (*)

Crear EQUIPOS MISIONEIROS en cada arciprestado ou upa desde a identidade de “discípulos misioneiros”

Documento de referencia: CEE, Orientaciones sobre la institución de los ministerios de lector, acólito y catequista. Edice, Madrid 2023

(*) A diocese terá que estudar no seu momento a forma destas celebracións.

Presupostos

- Os ministerios xorden da concepción e dinámica dunha Igrexa misioneira e corresponsable. Todo este tema ten que ir vinculado ao proceso de creación, promoción e acompañamento das Upas.
- Trátase de dinamizar e crear canles para un laicado adulto na comunidade. O ministerio é para servizo da comunidade e para a comunidade. Unha comunidade que coida as catro dimensións de **evanxelización, comunión, caridade e celebración**, nas que hai diferentes servizos.

Itinerario a seguir

1. SENSIBILIZACIÓN e TOMA DE CONCIENCIA

Obxectivos:

1. Informar á comunidade cristiá sobre a realidade dos ministerios e a súa pluralidade.
2. Informar á comunidade cristiá do proceso que se abre neste camiño cos paso a dar, os responsables e as institucións implicadas.
3. Aclarar todas as dúbidas sobre a realidade dos ministerios, implicacións, consecuencias, etc.
4. Identificar experiencias piloto nas upas e arciprestados que avancen neste proceso.
5. Reflexionar sobre as upas e sobre os equipos misioneiros.
6. Favorecer o discernimento dos posibles candidatos.
7. Espertar as vocacións aos diferentes ministerios e ao diaconado permanente.

Contidos:

Presentación dos trazos dunha IGREXA SINODAL, participativa, corresponsable e misioneira:

- Unha Igrexa configurada como pobo de Deus na que os seus membros participan da mesma dignidade bautismal e son chamados á participación e a misión.
- Unha Igrexa carismática e ministerial na que o *sacerdocio común* e o *sacerdocio ordenado* participan do único *sacerdocio de Cristo* e que, aínda que distintos, son complementarios
- Tendo claro que:
 - › Os *ministerios laicais* son ás diversas formas que adoptan os carismas cando se recoñecen publicamente e se poñen á disposición da comunidade e da súa misión de forma estable.
 - › Hai que distinguir o ministerio laical *instituído* dunha tarefa realizada ocasionalmente por un fiel laico.
 - › Os ministerios instituídos están enraizados no sacramento do bautismo e da confirmación.
 - › Teñen estas notas: recoñecemento público da Igrexa, estabilidade, orixe bautismal e mandato do bispo que o confire.
 - › E estas funcións: coordinación e formación doutros fieis con tarefas ocasionais na Igrexa.
 - › Os ministerios laicais instituídos non son ministerios de substitución dos ministros ordenados, senón de colaboración.
 - › É tarefa do bispo diocesano discernir sobre a chamada aos ministerios instituídos valorando as necesidades da comunidade e as capacidades dos candidatos: homes e mulleres que teñan recibido os sacramentos de iniciación cristiá, se encontren en situación canónica regular e sexan propostos polo párroco.

Accións:

1. Enquisa nas parroquias para saber se existe e como se leva a cabo o tema dos axentes da Palabra, os ministros extraordinarios da comunión e os posibles candidatos aos ministerios instituídos.

2. Deseño dun calendario e folia de ruta para facerse presente nas upas, parroquias e arciprestados: concreción de metas e medios con vista aos equipos misioneiros (pasos a dar, campaña, deseño dun logo, etc).
3. Reflexionar sobre o tema nos diferentes consellos: presbiteral, pastoral, arciprestal e upas.
4. Charlas para ofrecer nas diferentes parroquias, upas ou arciprestados.
5. Elaboración de materiais sinxelos para difundir.
6. Ofrecer por parte do bispo diocesano algunhas orientacións puntuais respecto dos ministerios.
7. Abrir un *link* na páxina Web.
8. Xornadas de formación a nivel diocesano sobre o tema.
9. Participación nos programas de difusión diocesanos, con testemuños e aclaracións sobre os ministerios.
10. Participación nas xornadas diocesanas, encontros con catequistas e axentes das celebracións litúrxicas.
11. Informarse do que se está a facer noutras dioceses que están realizando este itinerario.
12. Coordinar desde a delegación de liturxia o que xa funciona.

Período: todo o curso pastoral 2023-2024

2. DISCERNIMENTO DOS CANDIDATOS

Obxectivos:

1. Favorecer espazos e estruturas que nos axuden a dialogar sobre o perfil dos candidatos e o seu discernimento.
2. Comezar un proceso serio de acompañamento das persoas que estean dispostas ou que a comunidade crea idóneas.
3. Ir deseñando perfís, criterios, procesos coas persoas que desexen ou poidan facer os servizos ministeriais.

Contidos:

- Hai que distinguir dous itinerarios esencialmente diferentes: o diaconado permanente e os ministerios instituídos. Considérase o diaconado permanente un servizo extraordinario e necesario. Sen embargo na nosa Igrexa diocesana o habitual sería o ministerio instituído para aquelas persoas que xa están a ofrecer este servizo e que necesitan formación e recoñecemento.
- Perfilar as calidades dos candidatos:
 - › Docilidade para deixarse acompañar.
 - › Madurez humana, equilibrio psíquico e emocional, responsabilidade, capacidade de traballo, disponibilidad para o servizo, formación e experiencia no ámbito pastoral que se vai exercer.
 - › Firme vontade de servir fielmente a Deus e ao pobo cristián.
 - › As que se sinalan nos documentos
- A dispoñibilidade e a vontade para a formación por parte dos candidatos é un criterio importante á hora de discernir.

Accións:

1. Elaboración dun modelo/ficha de solicitude dirixida ao bispo diocesano.
2. Creación dun equipo que recabe información respecto dos candidatos desde a Vicaría para a Sinodalidade.
3. Discernimento dos candidatos por parte do bispo.

4. Avaliación dos obxectivos e metas conseguidas: ver as necesidades pastorais.
5. Encontros persoais e grupais dos candidatos.
6. Información ás comunidades parroquiais do que se vai realizando.

Período: terceiro trimestre do curso 2023-2024.

3. FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO DOS CANDIDATOS

a. Os diáconos permanentes:

- A delegación do clero facilita os seus medios propios de formación: acompañamento espiritual, encontros, retiros...
- Séguese para iso a normativa básica que a Igrexa ofrece no seu maxisterio.
- O proceso académico pasa pola titulación en Ciencias relixiosas co recoñecemento correspondente.

b. Os ministerios instituídos:

- Formación: 2 cursos pastorais / *online*, presencial ou ambas / formación básica e específica. Veranse posibilidades nas Facultades de Teoloxía ou no ITC.
- Acompañamento: desde a Vicaría para a Sinodalidade establecerase un itinerario de encontros e acompañamento persoal, grupal e familiar dos candidatos
- Os promovidos polas upas/arciprestados como equipos misioneiros, intégranse nas respectivas zonas. Os que pertencen ao equipo diocesano, distribúense segundo as necesidades da diocese.

Período: curso 2024-2026: dous cursos de formación académica e espiritual.

4. ORDENACIÓN DE DIÁCONOS E INSTITUCIÓN DE NOVOS MINISTERIOS

Ordenación/institución:

- Os diáconos permanentes teñen un recoñecemento propio no sacramento do Orden sacerdotal.
- Os lectores, acólitos e catequistas, previa solicitude, son instituídos mediante o rito aprobado pola Sé Apostólica.
- Acompañamento e formación permanente:
 - › a delegación do clero encargárase do acompañamento dos diáconos permanentes.
 - › a Vicaría para a Sinodalidade encargárase deste cometido cos candidatos instituídos.
- Avaliación da metodoloxía e dos resultados obtidos.

